

A Comisión de Informes do Consello do Turismo de Galicia, reunida en sesión ordinaria o 19 de setembro de 2013, por delegación do Pleno do Consello do Turismo de Galicia, 13.05.2013, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre o “*Plan Director de Acuicultura do Litoral*”,

“ANTECEDENTES

A Consellería de Medio Rural e do Mar remitiu, o 12.04.2013, o “Plan Director de Acuicultura do Litoral” para a emisión do preceptivo informe, coa seguinte documentación:

Volume 1

DOC I.- PDALG Memoria

DOC II.- Informe de sustentabilidade ambiental

DOC III.- Planos Usos elementos valoración

DOC IV.- Planos Planeamento sectorial

DOC V.- Planos Planeamento Urbanístico

DOC VI.- Planos Coherencia Territorial

CONSIDERACIÓNS

1. Sométese a informe o citado plan ao abeiro do disposto nos artigos 7 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia e 6.1 c do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia, que establecen entre as súas funcións a emisión de informes con carácter preceptivo sobre os plans sectoriais de interese xeral.

Por acordo do Consello da Xunta do 28.03.2013 declárase a incidencia supramunicipal do Plan Director da Acuicultura Litoral de Galicia, para os efectos previstos polo Decreto

80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

2. O Plan Director de Acuicultura Litoral de Galicia, ten o obxectivo de establecer a definición de directrices para a instalación de establecementos de cultivos mariños na parte litoral da zona terrestre, así como para a ampliación dos establecementos existentes.

3. O Plan propón os seguintes obxectivos específicos:

A) Inclusión dos criterios e dos contidos do Plan de Ordenación do Litoral á vista das especificidades construtivas que precisan as instalación de acuicultura.

B) Enumerar as condicións mínimas que deben cumprir as zonas da costa nas que se poida desenvolver un proxecto de acuicultura intensiva en zona terrestre.

C) Establecer criterios obxectivos que fagan compatibles as instalacións acuícolas coas actividades tradicionais que se desenvolven no noso litoral, especialmente o marisqueo, a pesca e o turismo.

D) Inclusión das condicións ambientais que permitan a implantación de plantas de acuicultura sustentables mediante o desenvolvemento, entre outros aspectos, das enerxías renovables.

E) Programar, no seu caso, as medidas compensatorias mínimas que deben incluír os proxectos de acuicultura que se desenvolvan no noso litoral.

F) Fixar criterios no que se refire á compatibilidade do desenvolvemento das plantas de acuicultura coas características ambientais, naturais e paisaxísticas e as súas figuras de protección.

4. A perspectiva turística mencionase no punto 3.3.4 do Informe de sustentabilidade ambiental.

5. A proposta dun plan director con criterios básicos para a ordenación das plantas acuícolas é positiva.

6. Desde o punto de vista turístico se debe respectar a integración paisaxística e a adecuada localización.

7. O feito de establecer criterios xerais que melloran a integración paisaxística dos futuros parques acuícolas ou a ampliación dos existentes, aportan aspectos positivos de cara ao turismo, sen prexuízo de concretarse en cada proxecto que teña que levarse a cabo.

Por todo o exposto, a comisión de informes do Consello do Turismo de Galicia, por delegación do Pleno acordada na sesión do 13.05.2013, acorda,

INFORMAR

Favorablemente o “Plan Director de Acuicultura Litoral de Galicia”.